



RESOLUCIÓN do 24 de xaneiro de 2020 pola que se aproba a listaxe resultante de admitidos e excluídos da bolsa de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial convocada pola Resolución da Dirección Xeral de Xustiza do 18 de marzo de 2019.

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Orde do 4 de outubro de 2019 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, así como no artigo 10 da Resolución do 18 de marzo de 2019 pola que se convocan bolsas de traballo de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, e unha vez vistas as alegacións presentadas polos aspirantes,

RESOLVO:

1.- Aprobar as listaxes resultantes de aspirantes admitidos e excluídos das bolsas de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, así como a súa baremación definitiva, e acordar a súa publicación na Oficina Virtual do Persoal da Administración de Xustiza de Galiza (<https://www.xunta.es/sxpa/AIX/>).

2.- Aqueles aspirantes que estean incluídos en bolsas de distintos corpos, ou en varias provincias da mesma bolsa, deberán seleccionar aquela única na cal desexen quedar.

A elección deberá realizarse telematicamente, no prazo de dez días hábiles a partir da publicación desta Resolución, cubrindo necesariamente o formulario electrónico dispoñible na aplicación informática. O formulario, unha vez cuberto e validado, deberá ser presentado, electrónica ou presencialmente, de conformidade co previsto no artigo oitavo da Resolución do 18 de marzo de 2019 pola que se convocan bolsas de traballo de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Se non o fixeran, entenderase que desisten de todas as súas solicitudes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez

